“Salvo no suposto previsto no parágrafo j) as empresas distribuidoras ou comercializadoras poderán aplicar recargos ou afectar os pagos que perciban daqueles dos seus clientes que teñan subministros vinculados a servizos declarados como esenciais en situación de morosidade, ao abono das facturas correspondentes a devanditos servizos, con independencia da asignación que o cliente, público ou privado, atribuíse a estes pagos. A asunción dos custos derivados do parágrafo j) serán asumidos pola Administración Xeral do Estado nos termos nos que se estipule regulamentariamente”.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

Quince. Disposición Adicional vixésimo primeira. No prazo de tres meses dende a aprobación da presente lei, el Gobierno substituirá el actual sistema de poxas de interrompibilidade e presentará unha proposta de tarifa industrial que sexa predicíbel e estábel no tempo.

Disposición adicional única

O Goberno aprobará as modificacións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento da presente Lei no prazo de tres meses dende a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición Final Primeira

A presente lei entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOE.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

**ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI DE
MODIFICACIÓN DA LEI 24/2013, DE 26 DE DECEMBRO, DO SECTOR
ELÉCTRICO PARA O IMPULSO DA ELECTRICIDADE COMO UN BEN
PÚBLICO E DE GARANTÍA AO SEU ACCESO**

Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2018 17:32:21

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2018 17:32:26



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2018 17:32:29

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2018 17:32:30

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2018 17:32:32

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2018 17:32:41

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

- 1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei para a súa remisión ao Congreso, do G.P. de en Marea, de modificación do Real Decreto Lexislativo 872015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (doc. núm. 27973, 10/PPLC-000010)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

1.2 27973 (10/PPLC-000010)

Grupo Parlamentario de En Marea

Proposición de lei para a súa remisión ao Congreso dos Deputados, de modificación do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social

Publicación da iniciativa, 279, 20.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN DE LEI** para a súa remisión ao Congreso, **de modificación do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.**

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS

Constitución española.

Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social.

Lei 23/2013, de 23 de decembro, reguladora do factor de sustentabilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social.

Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema de Seguridade Social constitúe un pilar central do Estado do benestar. É un instrumento redistributivo e de solidariedade social interxeracional e un elemento que, ademais de procurar seguridade á cidadanía, impulsou a estabilización e expansión do crecemento económico e o mantemento da demanda agregada.

Aínda que no caso español nunca o gasto social alcanzou a media europea, ao longo dos anos foi ampliando a súa cobertura a máis persoas e foi, tamén, mellorando a súa intensidade protectora, garantindo a asistencia e prestacións sociais ante estados de necesidade nunha época de crecemento económico e dun mercado laboral caracterizado por empregos que daban lugar a carreiras laborais máis continuadas e de mellor nivel retributivo que as actuais.

No entanto, desde 1985 sufriu reformas permanentes cada vez que se atopou ante unha situación de crise económica. E ata se enfrontou a sectores que suscitaron reformas sistémicas, un cambio do modelo de reparto ao de capitalización durante a crise de 1992-1995. A alternativa foi o reforzamento contributivo e a separación de fontes de financiamento que se adoptou no pacto de Toledo de 1995, o que supoñía que a seu viabilidade fiábase fundamentalmente ás cotizacións, o que a facía depender do mercado de traballo, do emprego e dos salarios.

Todo iso agravouse por mor da crise económica que estala en 2008 e que afecta de xeito moi forte a un sistema de protección social tan dependente do emprego e dos salarios e ao trasladarse a débeda privada a débeda pública acaba afectando tamén ao salario social (servizos públicos, sanidade, ensino, dependencia, taxas, becas, etc.) por mor das políticas de axuste da débeda mediante recortes do gasto público, sen suscitarse en ningún momento a procura de ingresos.

O déficit non se creou porque se gastase máis senón porque se recadaba menos e non se intentou buscar outras fontes de ingresos, tanto para a Seguridade Social como para os demais servizos públicos.

Os sistemas de pensións dos países da Unión Europea enfróntanse a importantes desafíos no medio prazo derivados de fenómenos demográficos: as baixas taxas de natalidade e o alongamento da esperanza de vida, o que esixiría a adopción de



medidas para asegurar a súa viabilidade no longo prazo e manter unhas pensións "adequadas" para o benestar das persoas de máis idade

Os instrumentos da Unión Europea intentan que o debate sobre as pensións se suscite incorporando todas elas, incluídas as que se provén mediante fondos privados de pensións, o que levou a propoñer a adopción de medidas que, ao traducirse nunha redución importante do gasto público en pensións, abrirían espazos máis amplos para o crecemento das pensións privadas, pese a que acaban poñendo en risco a cohesión económica e social.

O *Libro Branco Axenda para unhas pensións adecuadas, seguras e sostibles*, detalla unha serie de recomendacións a nivel global e outras a nivel de Estado membro. Pero tales recomendacións só se centraron nun dos aspectos da cuestión, o dos gastos, e por iso remarcar a necesidade de reformar as pensións e reducir a súa taxa de substitución das rendas de activo, sen abordar a cuestión da obtención de ingresos para facer fronte a tales retos, outorgando un carácter determinista e incuestionable aos efectos das previsións demográficas sobre as finanzas públicas dando por continuamente presentes a crise financeira e económica e os problemas de sustentabilidade, se non se adoptan as medidas propostas.

Boa parte das súas formulacións plasmáronse na Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social.

A Lei 27/2011 xa prevía que o denominado factor de sustentabilidade do sistema de Seguridade Social entrase en vigor a partir de 2027. Iso implica que os parámetros fundamentais do sistema revísanse ao fixar a súa contía polas diferenzas entre a evolución da esperanza de vida aos 67 anos da poboación no ano en que se efectúe a revisión e a esperanza de vida aos 67 anos en 2027. Ditas revisións efectuaríanse cada cinco anos.



No entanto, o RDL 3/2013 encargou xa a unha Comisión de Expertos o estudo do Factor de Sustentabilidade do Sistema da Seguridade Social para a súa aplicación adiantada, como contrapartida ao rescate bancario europeo. Nin o Informe da Comisión de Expertos, nin a Lei 23/2013 que parte deste, xustifican con claros e sólidos argumentos a recomendación de aplicar o factor de sustentabilidade con anterioridade ao prazo previsto na Lei 27/2011. Con todo, a Lei 23/2013 seguindo en gran parte o Informe da Comisión de Expertos, alegando a crise económica e as medidas para combater o déficit fiscal precisouno e adiantou a súa entrada en vigor ao 1 de xaneiro de 2019.

O obxectivo destas reformas non é outro que conter o gasto reducindo a taxa de substitución das pensións de xubilación, que son as que máis gasto supoñen, por iso é polo que o factor de sustentabilidade non se aplica ás pensións de incapacidade permanente nin ás de viuvez nas que a contía é máis baixa. A súa aplicación temperará a partir do ano 2019 e a súa revisión cada cinco anos suporán, segundo algunhas estimacións, unha redución do 5% por década, de maneira que se chegaría a unha redución do 20 % no ano 2050.

Por outra banda, o adiantamento da súa aplicación a 2019, que obedece a redución do gasto e de inicio do cambio de modelo, paradoxicamente acaba provocando o contrario: unha especie de efecto "chamada" cara á xubilación antes de que se inicie a súa aplicación aumentando o gasto en pensións e desincentivando a prolongación da vida laboral.

A regulación contemplada no noso ordenamento adopta unha medida excepcional no ámbito europeo, como é vincular o factor de sustentabilidade ao importe da pensión, cando o normal é que afecte só á idade, e unha vez adoptada por comparación co que se establece noutras regulacións de seguridade social no marco europeo e noutros modelos de Dereito Comparado a súa configuración é máis dura. O atraso da idade ordinaria de xubilación xa ten en conta a esperanza



de vida polo que da combinación de ambas medidas interactúa de xeito negativo co atraso na idade de xubilación ampliando o seu efecto.

Considérase que nun período de 30 anos, de 2019 a 2049, de manterse unha evolución da esperanza de vida como a prevista, o descenso da pensión inicial, por aplicación desta nova fórmula situaríase entre o 9% e o 18%. O "aforro" do gasto oscilará entre un 0'2% do PIB en 2040 e un 0'7% en 2060. En termos de aforro porcentual do gasto a estimación é do 5% en 2060. Vai reducir a pensión inicial nun 0'5 % no primeiro ano de aplicación (2019) e irá aumentando situándose xa nun 4'3% en 2028.

Por outra banda, os factores de sustentabilidade son mecanismos de axuste automáticos que unha vez implantados no ordenamento xurídico da Seguridade Social dan lugar a unha aplicación directa polo que, en teoría, quedarían libres do "risco político": a revisión cada cinco anos pasaría a ser unha cuestión técnica, sen necesidade de alcanzar ningún acordo político ou social.

Precisamente, este é outro aspecto cuestionable: o feito de que unha vez incorporados ao sistema se subtraian do debate político constitúe un primeiro paso cara ao cambio de modelo de pensións. Descartada a opción da substitución do método de reparto polo de capitalización, a opción que se baralla nos últimos anos é proceder a introducir fórmulas de capitalización no brazo contributivo do noso sistema de Seguridade Social.

A presente proposición de lei suscita a supresión do factor de sustentabilidade. Derróganse xa que logo os artigos 210.1, último parágrafo; 211 e a Disposición Adicional 22ª do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social e a Disposición Final única, último parágrafo, do propio Real Decreto 8/2015 de 30 de outubro no seu articulado inicial.

En canto á revalorización das pensións, hai que recordar en primeiro lugar a súa relación coa garantía constitucional de suficiencia. O dereito á revalorización é un dos compoñentes da suficiencia medida na súa desenvolvemento temporal. É dicir, trátase dun aspecto esencial do dereito á protección fronte ao risco de vellez ao tratarse de prestacións que se perciben durante períodos de tempo moi prolongados.

Pese a iso no marco das medidas de redución do déficit público contemplouse a suspensión da revalorización como medida excepcional e conxuntural. (Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio, Lei 39/2010, de 22 de decembro, LPE para 2011, RDL 28/2012, de 30 de novembro)

As suspensións da actualización das pensións incumprían a Recomendación número 11 do Pacto de Toledo, recomendación que defendeu arduamente o Grupo Parlamentario Popular cando se tramitou a Lei 27/2011, para un ano despois, unha vez no goberno, descoñecela.

En efecto, o que era conxuntural ou temporal en materia de revalorización de pensións, tralo Informe do Comité de Expertos de 7 de xuño de 2013, pasa a ser un cambio permanente. O Informe propoñía a non revalorización anual das pensións actuais respecto do IPC senón sobre un novo índice menor que a inflación, diminuíndo o seu poder adquisitivo (FRA-Factor de Revalorización Anual). O FRA é un axuste adicional de maneira que a revalorización das pensións xa non se vincularía só ao IPC senón tamén a outros indicadores que engloban tanto variables demográficas como económicas.

Aos recortes derivados das suspensións da revalorización engádese pola Lei 23/2013 o derivado deste novo factor, de aplicación inmediata e de gran calado, pois o mecanismo de revalorización tendo en conta o IPC explica unha



proporción importante do gasto público en pensións e xa que logo o interese no súa supresión.

Este novo factor non respecta o artigo 50 da Constitución que obriga aos poderes públicos a garantir, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns durante a terceira idade. Tampouco o artigo 12 da Carta Social Europea, nin o Convenio 102 da OIT (artigo 65.10), nin o Código Europeo de Seguridade Social de 1964, ratificado por España en 1994. Estas normas establecen claramente que as pensións serán revisadas cando se produzan variacións sensíbles do nivel xeral de ganancias e do custo da vida.

A nova configuración do índice de revalorización é opaca no seu deseño e funcionamento, arbitraria na fixación da contía da revalorización, deixa moitas marxes de discrecionalidade ao depender de previsións, contén un factor alfa para cuxa determinación hai unha ampla marxe de discrecionalidade da Administración, o que xera incerteza e inseguridade, e é inxusta nas súas consecuencias ao supoñer unha importante perda do poder adquisitivo das persoas pensionistas.

A regulación ademais é lineal, non distingue a contía das pensións, e ademais afecta tamén ás pensións mínimas e ás non contributivas (artigo 62 da LGSS).

Supón unha grave perda de nivel das pensións e da súa suficiencia ao non manter o seu poder adquisitivo o que se traducirá nun empobrecemento das persoas con pensións máis baixas ao afectar tamén aos complementos de mínimos facendo prevalecer a idea de esperanza de vida sobre a propia razón de ser destes complementos, que é cubrir uns mínimos de subsistencia, actualmente moi baixos.

Ante os niveis de inflación habituais en España, o normal nas conxunturas expansivas no noso sistema económico de polo menos un 2% , o novo factor tradúcese nunha perda de poder adquisitivo dun 1'75% anual ao conxelarse a



revalorización nun 0'25%. É dicir, de entre un 7'5% e un 17'5% en dez anos e un "aforro" en gasto de 33.0000 millóns a partir de 2014 segundo reconece a propia Memoria Económica da Lei de 2013.

Supoñendo que a inflación media sexa do 2% e tendo en conta a esperanza de vida, a pensión media pode depreciarse en torno ao 28'5% nos homes e en torno ao 33'4% nas mulleres. En catro anos perdeuse o 4'14% , e en quince anos un 22'86%. De aplicarse o novo índice de revalorización en 2011 e 2012, os pensionistas perderían 5,3 puntos de poder adquisitivo, que só recuperarían despois de 21 anos consecutivos de superávit da Seguridade Social.

Trátase dunha medida regresiva que incidirá na política de redistribución de rendas e a cohesión social, unha discriminación indirecta por razón de sexo xa que estatisticamente hai un maior número de mulleres titulares das pensións máis baixas (STJUE C-123/10, asunto Brachner, de 20 outubro 2011).

Esta medida afecta tamén ás pensións xa causadas con anterioridade á reforma, para que o efecto de redución do gasto sexa contundente, pese a que o propio Informe da Comisión de Expertos de 7 de xuño de 2013 contemplaba o novo sistema de revalorización a aplicar só a futuros pensionistas pois entendía que a súa aplicación a pensionistas actuais podía ser inconstitucional ao dar efectos retroactivos un novo réxime xurídico, o que vai máis aló das medidas conxunturais e provisionais aplicadas durante a crise, ao afectar a pensionistas que nunca puideron prever tal cambio, nin reaccionar fronte ao mesmo.

Os dereitos das persoas pensionistas, sobre todo aquelas con pensións máis baixas, ao mantemento do seu poder adquisitivo, a unha pensión adecuada e suficiente, sacrificanse no nome de esixencias de redución do gasto público que non se xustifican de xeito detallado senón meramente xenérica, polo que se vulneran dereitos fundamentais conectados á relación de Seguridade Social: a



proporcionalidade co salario de activo, a pensión como retribución diferida e a adecuación, cando as medidas engádense a outras anteriores.

Ademais, moitos sistemas de Seguridade Social establecen medidas de revalorización que garantan non só o mantemento do seu poder adquisitivo, senón que a revalorización vincúlase tamén en moitas ocasións á evolución dos salarios e á riqueza nacional. Pese a que nalgúns países estase abandonando ese criterio, en todo caso mantense o seu vinculación á evolución dos prezos e non se cuestiona o mantemento do poder adquisitivo.

No noso país a revalorización non só non ha ter nunca en conta outro factor que o custo da vida senón que, agora ademais, prescínlese del como único referente. A reforma desnaturaliza a revalorización someténdoa á estabilidade financeira mediante unha complexa fórmula de cálculo descoñecida no panorama europeo, como instrumento crave da política de austeridade e de consolidación fiscal.

Na Actualización do Programa de Estabilidade do Reino de España (2016-2019) enviada a Bruxelas, o Goberno abertamente reconece, e móstrase moi satisfeito diso, que o gasto en pensións crecerá por baixo do 3 por cento anual “*cunha redución do gasto en termos do PIB debido ao impacto das reformas realizadas en 2013 (e así) contense o crecemento da pensión media de xubilación desde o 3,5 por cento en 2012 ao 2 por cento en 2015*”. É dicir, que o obxectivo da reforma é que o gasto sexa do 12 por cento do PIB en 2020 e 12’3 por cento do PIB en 2050, para descender ao 11 por cento en 2060.

Para iso é necesaria a derogación da reforma constitucional de 2011 que introduciu o artigo 135 que subordina o gasto social ao pago da débeda pública. Ao contrario hai que Introducir unha garantía social: a garantía constitucional do contido esencial, unha garantía de mantemento do gasto social máis aló dunha lóxica de equilibrio interno, a través do compromiso das achegas estatais cando sexan necesarias para garantir certas prestacións fundamentais.

As reformas de Seguridade Social actuaron unicamente sobre o gasto sen contemplar medida algunha en materia de ingresos. Hai que suscitar medidas de signo inverso, que permitan a sustentabilidade do sistema mediante o incremento do volume de ingresos, xa intervindo nas cotizacións, xa mediante a intervención garantista en todo caso dos Orzamentos Xerais do Estado mediante recursos obtidos por vía fiscal. No Informe do Comité de Expertos admítase que unha das alternativas para conseguir o equilibrio financeiro do sistema de pensións é a de aumentar os ingresos ata chegar aos niveis existentes de media nos países da Zona Euro.

Trátase de que os recursos para o financiamento da Seguridade Social estarán constituídos ademais de por as cotizacións, polas achegas progresivas do Estado, que se consignarán con carácter permanente nos seus Orzamentos Xerais de maneira que se alcance a contía necesaria para facer fronte ao déficit que se produza cando os recursos contemplados por cotizacións sexan insuficientes, de maneira que se evite proceder a unha redución da acción protectora e do seu alcance nas prestacións, contributivas ou non contributivas e dos complementos por mínimos de pensións.

É dicir, trátase de introducir un sistema de financiamento de reparto non estrito. A separación de fontes de financiamento é positiva ao empregarse como técnica contable para dar transparencia e claridade na xestión do Sistema, e é moi negativa se se eleva a principio organizativo, que é o que se está facendo, porque rompe a consideración conxunta de continxencias e con iso erosiona seriamente o principio de solidariedade.

E isto é fundamental para a revalorización das pensións, que debe financiarse polos orzamentos da Seguridade Social e tamén polos Orzamentos Xerais do Estado.



Dado que nos atopamos ante un problema de enorme transcendencia para a cidadanía, posto que as pensións son a fonte principal de ingresos de máis de nove millóns de pensionistas, dos que case oitocentos mil son galegos, e das súas familias e tendo en conta que o 1 de xaneiro de 2019 será xa de aplicación para os novos pensionistas o factor de sustentabilidade nesta proposición de lei suscítase eliminar a modificación introducida pola Lei 23/2013, de 23 de decembro e restablecer o dereito á revalorización de acordo con IPC previsto e con abono da diferenza de non cumprirse, ou sexa, a regulación anterior á reforma de 2013.

Ademais establécese que, como xa se contemplaba historicamente a efectos da fixación do índice de revalorización, se terán en conta tamén outros factores como a produtividade media nacional alcanzada, o incremento da participación do traballo na renda nacional e a conxuntura económica xeral.

O novo índice de revalorización que introduce esta proposición de lei aplícase tamén á pensión mínima e ás pensións non contributivas.

Por todo iso hai que seguir insistindo na recuperación de ingresos perdidos mediante a recuperación do emprego pero tamén de mellóraa da súa calidade e a través tamén da procura de novos ingresos e doutras fontes de financiamento modificando o artigo 109 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social para re-equilibrar a situación financeira actual da Seguridade Social provocada polas medidas adoptadas durante a crise económica e para abordar o custo das medidas sobre revalorización que se suscitan.

Texto articulado

A proposición de lei estrutúrase en dous artigos, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria e tres disposicións finais.

Artigo 1. Factor de sustentabilidade da pensión de xubilación.

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro.

Un. Quedan derogados o artigo 210.1, último parágrafo, o artigo 211 e a Disposición Adicional 22ª.

Dous. Queda derogado o último parágrafo da Disposición Final única do propio Real Decreto 8/2015, de 30 de outubro, no seu articulado inicial.

Artigo 2. Revalorización das pensións

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro.

Dáse nova redacción ao artigo 58 nos seguintes termos:

Artigo 58. Revalorización

1. As pensións da Seguridade Social na súa modalidade contributiva, incluído o importe da pensión mínima, serán revalorizadas ao comezo de cada ano, en función do correspondente índice de prezos ao consumo previsto para devandito ano.
2. Se o índice de prezos ao consumo acumulado, correspondente ao período comprendido entre novembro do exercicio anterior e novembro do exercicio económico ao que se refire a revalorización, fose superior ao índice previsto, e en función do cal se calculou dita revalorización, procederase á correspondente actualización de acordo co que estableza a respectiva Lei de Orzamentos Xerais do Estado. A estes efectos, aos pensionistas aos que as súas pensións fosen



obxecto de revalorización no exercicio anterior, aboaráselles a diferenza nun pago único, antes do 1 de abril do exercicio posterior.

3. Se o índice de prezos ao consumo previsto para un exercicio, en función do cal se practicou a revalorización, resultase superior ao realmente producido no período de cálculo descrito no apartado anterior, as diferenzas existentes serán absorbidas na revalorización que corresponda aplicar no seguinte ciclo económico.

4. A efectos da fixación do índice de revalorización teranse en conta tamén outros factores como a produtividade media nacional alcanzada, o incremento da participación do traballo na renda nacional e a conxuntura económica xeral.

Disposicións adicionais

Disposición adicional única.

As persoas pensionistas afectadas pola entrada en vigor da Lei 23/2013, de 23 de decembro, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social terán dereito a unha paga, a percibir dunha soa vez, que cubra a diferenza entre o importe da pensión percibida e a que correspondese de aplicar a este período a revalorización o IPC correspondente durante os exercicios de 2016 e 2017.

Disposición transitoria

Disposición transitoria. Establecerase a compensación para todas as persoas pensionistas as que afectou a lei 23/2013, en vigor desde o día 27 de decembro de 2013, ata a data na que entre en vigor esta lei, mediante un único pago que



estará exenta de tributación nin suporá a perda doutros dereitos consolidados ou en proceso de consolidación.

Disposicións derogatorias

Disposición derogatoria única.- Derogación normativa.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta Lei e, de xeito específico, o último parágrafo do artigo 210.1, o artigo 211 e a Disposición Adicional 22ª do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, así como o último parágrafo da Disposición Final única do propio Real Decreto 8/2015, de 30 de outubro, no seu articulado inicial. Queda tamén derogada a Disposición Adicional terceira da Lei 23/2013, de 23 de decembro, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social.

Disposicións finais

Disposición final primeira.- Disposicións de aplicación e desenvolvemento

Autorízase ao Goberno e ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, nos seus respectivos ámbitos, para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta Lei.

Disposición final segunda.- Título competencial

Esta Lei dítase ao amparo do artigo 149.1.17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición final terceira.- Entrada en vigor.

A presente lei entrará en vigor no exercicio orzamentario seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 13:48:53

Antón Sánchez García na data 15/03/2018 13:49:01

José Manuel Lago Peñas na data 15/03/2018 13:49:10

Paula Vázquez Verao na data 15/03/2018 13:49:17

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/03/2018 13:49:21

Juan José Merlo Lorenzo na data 15/03/2018 13:49:26

Carmen Santos Queiruga na data 15/03/2018 13:49:29

Eva Solla Fernández na data 15/03/2018 13:49:32

Luca Chao Pérez na data 15/03/2018 13:49:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 13:52
Nº Rexistro: 27973
Data envío: 15/03/2018 13:52:10.434



Paula Quinteiro Araújo na data 15/03/2018 13:49:51

Magdalena Barahona Martín na data 15/03/2018 13:49:54

Francisco Casal Vidal na data 15/03/2018 13:49:56

David Rodríguez Estévez na data 15/03/2018 13:49:59

Marcos Cal Ogando na data 15/03/2018 13:50:02

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2. Comparecencias en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 29477(10/CPP-000055)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, a
petición propia, para informar sobre as directrices
enerxéticas de Galicia

17/04 2018 9:05 FAX 00881541211


0001/0001



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



galicia



Solicitolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Economía, Emprego e Industria para informar sobre “as directrices enerxéticas de Galicia”.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA SERRAÑOS ALVAREZ BLANCA
Data e hora: 18/04/2018 15:17:05

CVE: 180417-CC00
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día


2.2 29445 (10/CPP-000054)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para
informar do futuro da Política Agraria Común (PAC) en Galicia



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da conselleira do Medio Rural para informar "do futuro da Política Agraria Común (PAC) en Galicia".


Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Axudado por: GARCÍA-SERORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Data e Hora: 2018/04/16 09:29:00

Presidente do Parlamento de Galicia



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 29390 (10/MOC-000082)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación de atención sanitaria no Sergas na área de xestión sanitaria da Coruña. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 28365, publicada no BOPG n.º 284, do 27.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.04.2018)

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para a substanciación da **Interpelación 28365 (10/INT-000915)** debatida na sesión plenaria do 10 de abril de 2018, sobre a política do Goberno galego en relación coa prestación de asistencia sanitaria no Sergas por medio de concertos coa sanidade privada.

MOCIÓN:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Retirar a proposta de licitación para a contratación de servizos sanitarios na área de Xestión sanitaria da Coruña publicado no DOG núm. 54 o venres 16 de marzo de 2018.
- Abrir as plantas pechadas na EOXI de Coruña.
- Dotar de medios materiais e humanos suficientes tanto a Atención Primaria como a Atención especializada o Servizo Galego de Saúde na EOXI da Coruña para non ter que recorrer a concertos coa privada.
- Publicar a documentación relativa aos informes de fiscalidade e a memoria de actividade do CHUAC.
- Cumprir co Regulamento de Parlamento e enviar a información relativa ao número de persoas en listas de espera non estruturais.”

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2018.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29390
Data envío: 13/04/2018 14:13:56.176

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 13/04/2018 14:13:01

Luis Villares Naveira na data 13/04/2018 14:13:18

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 29398 (10/MOC-000083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 27661, publicada no BOPG n.º 280, do 21.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.04.2018)



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29398
Data envío: 13/04/2018 16:22:53.520



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substantivar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 10 de abril de 2018, sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións (doc. núm. 27661).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno central e lle demande:

1º) Que se derroque a Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social.

2º) Que con efectos de 1 de xaneiro de 2018, a contía das pensións públicas do Sistema de Seguridade Social se incrementen de acordo co IPC previsto do 1,6 %. No caso de que o IPC acumulado correspondente a 2018 fose superior, se proceda á correspondente actualización, incrementándose as contías das pensións públicas e abonando nun pago único a diferenza non percibida durante 2018.

3º) Que se adopten aquelas medidas co obxecto de alcanzar un acordo social e político no seo da Mesa de Diálogo Social e do Pacto de Toledo, sobre un índice de revalorización das pensións tal que garanta o poder adquisitivo para o futuro, e se introduzan novos mecanismos que permitan acadar o principio de equilibrio orzamentario entre ingresos e gastos do sistema da Seguridade Social.

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/04/2018 16:00:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29398
Data envío: 13/04/2018 16:22:53.520



 **Grupo Parlamentario**

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/04/2018 16:00:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 29421 (10/MOC-000084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias existentes nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios do Sergas. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 28372, publicada no BOPG n.º 284, do 27.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.04.2018)

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 11 de abril, sobre as deficiencias existentes nos servizos de urxencias hospitalarias (doc. núm **28372**, [10/INT-000916]).

Moción

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Proceder de inmediato a subsanar os déficits de persoal e á corrección das deficiencias existentes nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios do Sergas, denunciadas sistematicamente polo persoal que presta os seus servizos nos mesmos.

Presentar no Parlamento de Galiza, á maior brevidade un informe coas medidas de planificación e reforzos postos en marcha polo Sergas para atender o aumento d@s doentes aos servizos de urxencias.

Elaboración dun protocolo de actuación, para os brotes ou picos asistenciais como o da gripe, en interlocución c@s profesionais, tanto dos servizos de urxencias como do resto dos servizos dos hospitais directamente implicados como de Atención Primaria, e representantes sindicais, onde se contemple como mínimo a previsión de reforzos, recursos, priorización na atención, na hospitalización etc.

Que se tomen todas as medidas precisas para que as unidades de hospitalización estean abertas e funcionando coa totalidade dos recursos de que dispoñen.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 12:14
Nº Rexistro: 29421
Data envío: 16/04/2018 12:14:24.567

Que de xeito inmediato se abran as plantas e as camas pechadas, e as bloqueadas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza.

Dimensionar as plantillas co número de profesionais precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.

Eliminar a taxa de reposición e repoñer o persoal eliminado e presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación, e a convocar a totalidade das case 6.000 prazas vacantes.

Posta en marcha dun Plan de Mellora da Atención Primaria cos recursos precisos, tanto humanos como materiais.”

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018

Asdo. Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/04/2018 12:13:49



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 12:14
Nº Rexistro: 29421
Data envío: 16/04/2018 12:14:24.567



Ana Pontón Mondelo na data 16/04/2018 12:13:52

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4. **Proposicións non de lei en Pleno**

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 22812 (10/PNP-001678)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan
estratéxico da conserva, horizonte 2020, así como o inicio,
en colaboración co sector, da elaboración e redacción do Plan
estratéxico do conxelado, co horizonte en 2025

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M^a Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Diego Calvo Pouso, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazo Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**.

Exposición de motivos:

O sector conserveiro galego constitúe un segmento moi relevante e arraigado no tecido industrial de Galicia, que ademais nas últimas décadas someteuse a un importante esforzo de reestruturación, de desenvolvemento nos mercados internacionais e de modernización das infraestruturas de produción.

Ademais, ao longo de 2017, xigantes da conserva galega animáronse a ofrecer os seus produtos a través de importantes plataformas de venda por internet, afianzándose así a súa proxección internacional.

En termos xerais, a produción da conserva en Galicia supuxo en 2016 un total de 1.291 millóns de euros, sendo o 85 % da produción en España, e crecendo das 298.912 toneladas comercializadas en 2012 ás 301.397 do ano 2016.

A Xunta sempre amosou o seu interese para que este sector continúe a medrar. De feito, sempre apostou por potenciar a comercialización dos produtos pesqueiros.

É por iso que, na actualidade, faise imprescindible facer revisión da situación na que este sector se atopa, dos cambios producidos na súa estrutura e dos principais retos que agora debe afrontar para saír reforzado do proceso de crise, cunha maior capacidade competitiva e unha reafianzada posición no mercado internacional.

Sabemos que a Xunta de Galicia lle encargou ao CETMAR, dependente da Consellería do Mar, a realización do Plan Estratéxico da Industria Conserveira Galega Horizonte 2020, un instrumento para aumentar o peso da industria conserveira no conxunto da economía galega e mellorar a posición competitiva desta industria nos mercados europeo e internacional, propiciando o mantemento da capacidade produtiva e do emprego asociado a esta actividade en Galicia.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22812
Data envío: 11/01/2018 15:28:54.400

Cremos necesaria a realización desta estratexia para consolidar o liderado da industria conserveira galega como o maior e mais eficiente produtor mundial de conservas de peixe e marisco de alta calidade no mercado global.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver o Plan Estratéxico da Conserva Horizonte 2020, que recolle as liñas principais para asegurar a competitividade e viabilidade do noso sector cara ao futuro, así como a iniciar, da man do sector, a elaboración e redacción do Plan estratéxico do Conxelado, co horizonte posto en 2025 e centrando os obxectivos da competitividade deste eido produtivo para determinar as oportunidades que se abren neste sector e fortalecer as liñas de traballo que permitan a expansión da produción e a obtención de maior valor engadido para os nosos produtos”.

Santiago de Compostela, 12 de Xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 11/01/2018 15:20:01

Carlos Enrique López Crespo na data 11/01/2018 15:20:17

María Ángeles García Míguez na data 11/01/2018 15:20:27

María Soraya Salorio Porral na data 11/01/2018 15:20:37

Teresa Egerique Mosquera na data 11/01/2018 15:20:43

Daniel Vega Pérez na data 11/01/2018 15:20:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



Alberto Pazos Couñago na data 11/01/2018 15:21:05

Marta Rodriguez Arias na data 11/01/2018 15:21:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 24309 (10/PNP-001759)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa suba das tarifas das peaxes da AP-9 prevista para o ano 2018 con motivo das obras de ampliación da autoestrada na ponte de Rande

Publicación da iniciativa, 255, 07.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24309
Data envío: 29/01/2018 14:29:11.815



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado 30 de decembro de 2017 os máximos representantes do Goberno central e da Xunta de Galicia, Mariano Rajoy e Alberto Núñez Feijóo, inauguraron a obra de ampliación da AP9 na Ponte de Rande. Un acto no que tamén participaron as máximas responsables en materia de infraestruturas das dúas administracións, Ethel Vazquez e Íñigo de la Serna, así como a presidenta da mesa do Congreso Ana Pastor ou o Vicepresidente da Xunta de Galicia Alfonso Rueda.

Segundo o acordo do Ministerio de Fomento e Audasa, estas obras que se están a realizar, corren a cargo da concesionaria mentres que o Goberno Central autoriza un incremento do prezo das peaxes durante os 20 anos seguintes ao ano de finalización da obra de ampliación. Dito acto de inauguración pretendeu visibilizar que dita obra estaba rematada cando a realidade é que a obra, a principios de 2018, segue sen rematar; sinais de obra, desvíos de obra, operarios de obra, zoas de obra restrinxidas á cidadanía, enlaces pendentes de rematar, bandas sonoras sen instalar, Obras en Chapela pendentes, asfaltado, entre outras, dan conta desta obviedade, a obra non estaba rematada o 30 de Decembro.

A obra de ampliación da AP9 é a razón pola que Fomento xustifica a suba do 2% das peaxes durante os 20 anos seguintes á data de finalización de dita obra.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24309
Data envío: 29/01/2018 14:29:11.815



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado a
non aplicar a suba das tarifas das peaxes previstas para este ano pola chamada
obra de ampliación ao non terse rematado dita obra no pasado ano 2017.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 29/01/2018 14:27:52

Antón Sánchez García na data 29/01/2018 14:28:00

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 26168 (10/PNP-001846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar, antes do remate de 2018, a gratuidade do transporte público regular de viaxeiros por estrada competencia da comunidade autónoma para as persoas mozas, en condicións semellantes, cando menos, ás da Tarxeta Xente Nova

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 17:01
Nº Rexistro: 26168
Data envío: 14/02/2018 17:01:29.506



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Xoaquín Fernández Leiceaga e José Antonio Quiroga Díaz**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

